

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A "FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA", PARA ORGANIZACIÓN DA "GLOBAL SUSTAINABLE SEAFOOD GALICIA FORUM" EN 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Antonio Basanta Fernández, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten previsto formalizar ca FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 27 de agosto de 2024 ata o 20 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA para a organización da "Global sustainable seafood Galicia forum" en 2024.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1. " GLOBAL SUSTAINABLE SEAFOOD GALICIA FORUM ":

Por parte da FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA:

- Diseñar, promocionar e organizar a asistencia da segunda edición da "GLOBAL SUSTAINABLE SEAFOOD GALICIA FORUM" de representantes de grupos de interese rexional, nacional e internacional relacionados coa sustentabilidade dos produtos do mar, cun obxectivo de 300 participantes (50% internacional).
- A proposta de contidos e asuntos a debater é a seguinte:
 - Conferencia inicial: Actuación responsable e sustentabilidade dos produtos do mar.



- Actuación responsable: o marco legislativo actual e futuro, os compromisos voluntarios.
 - O desempeño sostible: reporte obrigatorio (EINF, Taxonomía), reporte voluntario.
 - O recoñecemento: as clasificacións WBA, o acceso ao financiamento ESG, o acceso ao recurso Namibia.
- Organización previa do evento a celebrar no mes de novembro do 2024 en Vigo, coa idea de rotar a celebración do GSSG entre distintas cidades como Santiago de Compostela, A Coruña, etc.
 - Elaboración, edición e distribución da documentación necesaria.
 - Xestión da axenda dos poñentes (FAO, SeaBos, WBA, Mtro Pesca Namibia, IFC u outros).
 - Dirección técnica, produción e comunicación.
 - Procura de colaboradores (Consellería do Mar da Xunta de Galicia, FAO, GSSI, Global Compact, WWF, etc) e patrocinadores (Nueva Pescanova, outros).
 - Planificación e organización de eventos de atracción de asistentes (SB GSSI, SB GDST, SB FISH, visita guiada á catedral, etc).

Por parte da Consellería do Mar:

- Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, sede, medios audiovisuais, edición de programas, intérprete, etc.).
- Apoio á calidade dos contidos do Congreso a través da programación depoñentes de recoñecido prestixio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á



transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

A "FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA" é una institución que persegue o fomento, o financiamento, o desenvolvemento e a execución de todo tipo de actividades que, en relación coas actividades pesqueiras, acuícolas, de elaboración e comercialización contribúan, entre outros, ó desenvolvemento sostible nas vertentes sociais, medioambientais e económicas e á investigación, desenvolvemento e innovación, e á divulgación. Nesta liña de actuacións foi a organizadora da "GLOBAL SUSTAINABLE SEAFOOD GALICIA FORUM" en abril de 2023 a través da firma de un convenio entre Fundación Nueva Pescanova e a Consellería do Mar. Esta primeira edición contou coa participación de máis de 200 profesionais de 20 países e debateuse sobre a sustentabilidade e rastrexabilidade dos produtos do mar, a contribución da industria á axenda 2030 da ONU e sobre finanzas sostibles.

A Consellería do Mar e a FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA están interesados en continuar potenciando un debate global en Galicia para a busca de propostas para unha mellor sustentabilidade dos produtos do mar nas súas tres vertentes, social, ambiental e económica e da imaxe internacional de Galicia como líder en sustentabilidade dos produtos do mar, compre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción dos produtos pesqueiros e acuícolas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Antonio Basanta Fernández

